

EXCMO. CONCELLO DE LUGO
ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16 de novembro de 2011, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE VIXILANCIA NO FOGAR DO TRANSEÚNTE 2011.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: É a contratación dun servizo de vixilancia no Fogar do Transeúnte sito na rúa Deputación nº 12 do termo municipal do concello de Lugo.

b) Prazo de execución: a duración do contrato será de DOUS ANOS contados a partires da data de formalización do contrato, e poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización do prazo inicial e por períodos máximos anuais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de CATRO ANOS.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: O prezo do contrato para a primeira anualidade ascende a 90.135,98 euros ó que sumado o IVE (18%)- 16.224,48 euros- resulta un prezo total de 106.360,45 euros.

O valor estimado do contrato (incluíndo a duración inicial e as prórrogas sen IVE) ascende a 360.543,92 euros.

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula novena do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 138,58 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 29 de novembro de 2011

O ALCALDE,

P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA

(Decreto Alcaldía nº 60/2011)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia